

Concello de Outes

Expediente núm.: 269/2019

DECRETO DE ALCALDÍA

APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN PIL

D^a María Beatriz Molinos Vidal, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Outes (A Coruña);

Vista a necesidade de proceder á contratación de 7 peóns ordinarios-brigada PIL 2019;

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada, vistos os informes de Secretaría e Intervención, e de conformidade co artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o Decreto de Alcaldía 116/2018, do 5 de xuño,

RESOLVO

PRIMEIRO. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local en virtude do Decreto de Alcaldía 1136/2018, do 5 de xuño, e aprobar as bases que rexen o proceso de selección, que teñen o seguinte tenor literal:



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL NO MARCO DO PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

ANUALIDADE DE 2019 (PIL-CONCELLOS)

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a selección de persoal laboral temporal para executar diferentes obras públicas e prestar servizos mínimos municipais, ao abeiro do Programa de integración laboral aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña (Resolución de Presidencia nº 2019/4062, de 01/02/2019, publicada no BOP nº 26, do 06 de febreiro de 2019), que se concreta na contratación laboral, a tempo completo, de sete peóns de obras e limpeza viaria.

2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Os contratos serán para a realización de servizo determinado, a tempo completo, cunha duración prevista de catro meses.

As contratacións terán carácter laboral temporal de duración determinada, a tempo completo, nas modalidades previstas nos apartados a) e b) do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

3. PUBLICIDADE

Esta convocatoria, así como todos aqueles actos derivados do proceso selectivo e necesarios para a tramitación do mesmo, publicarase na páxina web do Concello www.outes.es, no taboleiro de edictos e nun dos xornais de maior tirada na comarca.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

a) Ter a nacionalidade española ou de calquera dos Estados membros da Unión Europea, ser cónxuxe de calquera dos anteriores sempre que non estea separado de dereito, ser descendente de calquera deles sempre que sexa menor de vinte e un anos ou maior de dita idade pero dependentes, ou ter calquera outra

Concello de Outes

nacionalidade á que lle sexan aplicables tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sobre libre circulación de traballadores. Os estranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse incurso en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos.

e) Estar en situación de desemprego e cumprir algunha das condicións sinaladas na cláusula seguinte.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

5. DESTINATARIOS.

De conformidade coa Base 2.1.- das Bases que regulan o Programa de integración laboral da Deputación, os posibles aspirantes deberán estar atoparse nalgunha das seguinte situacións de exclusión laboral:

- * Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

- * Maiores de 45 anos.

- * Persoas con discapacidade: que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Acreditación documental: certificado do grao de discapacidade.

- * Persoas desfavorecidas que estean nalgunha destas situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental ou monomarental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. Deberá acreditarse cun informe social do concello onde resida.

- * Persoas desempregadas de longa duración. A efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego. Acreditarse coa presentación da tarxeta de demandante de emprego e un informe de vida laboral.

Concello de Outes

*Persoas vítimas de violencia de xénero. Acreditado con sentenza xudicial firme e comprobarase de oficio.

Todos os aspirantes deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que deberán xustificar coa solicitude e antes da súa contratación laboral.

6. SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes, que se cumprimentarán de conformidade coa instancia que figura no Anexo I, será de 10 días hábiles, cuxo cómputo se iniciará o día seguinte da publicación destas bases na forma prevista no apartado 3 anterior e finalizará ás 14.00 horas do décimo día hábil.

As solicitudes poden presentarse:

- na sede electrónica do Concello, a través da seguinte dirección: <http://outes.sedelectronica.gal>
- presencialmente, no rexistro xeral do Concello de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h horas.

7. SISTEMA DE SELECCIÓN

A) FASE DE CONCURSO:

Consistirá na valoración dos méritos alegados segundo o seguinte baremo:

9.A.1)- EXPERIENCIA PROFESIONAL

Por cada mes traballado nun posto de natureza semellante ao convocado: 0,10 puntos.

A experiencia laboral deberá vir debidamente xustificada mediante copia cotexada ou orixinal dos contratos de traballo, e indicará de xeito claro o seu inicio e terminación así como a categoría profesional pola que fora contratado. Achegarase informe de vida laboral.

A puntuación máxima por este apartado será de 3,00 puntos.

9.A.2)- FORMACIÓN

1º. Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, de 0,50 a 1,50 puntos, tendo en conta o número de horas e o contido do propio programa con relación ás tarefas do posto convocado:

- ata 500 horas: 0,50 puntos;

Concello de Outes

- de 501 a 1000 horas: 1 punto;
- máis de 1000 horas: 1,50 puntos.

2º. Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo, organizado ou financiado por calquera organismo oficialmente homologado: 0,20 puntos por cada 20 horas formativas. Só se computan os cursos cun mínimo de 20 horas de duración.

A puntuación máxima por este apartado será de 3,00 puntos.

9.A.3)- CARNÉ DE CONDUCIR

A posesión de carné de conducir tipo B, 1,00 punto.

B)- ENTREVISTA

Consistirá nunha entrevista persoal que versará sobre as funcións a desempeñar, o coñecemento do municipio, a experiencia persoal, a formación do aspirante e a pertenza a algún dos colectivos obxecto deste programa. A valoración da entrevista persoal non superará os 2,00 puntos.

Só poderán optar a esta fase de entrevista aqueles candidatos que acaden un mínimo de 3 puntos na suma total dos apartados anteriores.

8. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

PRESIDENTE.- O técnico de promoción económica, ou funcionario no que delegue.

SECRETARIA.- A educadora familiar do Concello, ou funcionario no que delegue.

VOCAIS: A traballadora social e o arquitecto técnico municipais, ou funcionarios nos que deleguen.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría terceira do artigo 20 da dita norma. Prevese un máximo de 4 sesións para a realización deste proceso selectivo.

9. PUNTUACIÓN FINAL

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan a maior puntuación, sumadas a fase de concurso e a de entrevista persoal.

Rematada a selección, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na

Concello de Outes

páxina web do Concello www.outes.es a relación de aspirantes por orde de puntuación coa correspondente proposta de contratación.

Os aspirantes seleccionados deberán xustificar documentalmente, no prazo de cinco días naturais, os requisitos sinalados nos apartados b), d) e e) da base cuarta, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

c) Xustificación de estar en situación de desemprego, coa presentación da tarxeta de demandante de emprego.

10. BOLSA DE EMPREGO.

Cos candidatos non seleccionados, constitúese unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas, que estará vixente ó longo do período de duración do Programa.

A bolsa de emprego suxeitarase ás seguintes regras:

1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para presentar a correspondente documentación acreditativa.

De non facelo, entenderase que perde os seus dereitos fronte á Corporación contratante, quedando rescindida a relación laboral e pasándose ó seguinte candidato na bolsa.

2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.

3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

11. NORMATIVA APLICABLE

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de

Concello de Outes

persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións pública, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no tocante á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo RD lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

12. RETRIBUCIÓN. As retribucións previstas do contrato serán de 1,050,00 €/mes, teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias.

13. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila n.º 1 A SERRA DE OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA

Concello de Outes

D. titular do D.N.I.
núm. e endereço a efectos de notificacións
en..... rúa..... nº.....
 piso..... C.P.

Teléfono.:

Correo electrónico:

Medio de notificación preferente (marque cun "x"):

Correo electrónico

Correo ordinario

Informado da convocatoria que realiza o Concello de Outes, para unha praza de
.....
..... de acordo ás bases publicadas
....., que declara coñecer e aceptar;

Tendo en conta que cumpre todos os requisitos esixidos nas bases e
comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser
seleccionado,

SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- D.N.I.
- Documentos acreditativos dos méritos que se aleguen ao obxecto da súa
valoración no concurso.

En _____, a de..... de 2019.

Asdo.

SRA. ALCALDESA - PRESIDENTA DO CONCELLO DE OUTES.

*Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección
de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial.
Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Outes relacionados con este
trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos
procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En
calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación,
rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar
no Rexistro Xeral do Concello.*

Concello de Outes

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicionada das bases aprobadas.”

SEGUNDO. Convocar as probas, comunicándollo ós membros do Tribunal calificador.

TERCEIRO. Publicar o texto íntegro das bases que deben rexer o proceso selectivo na páxina web, na sede electrónica deste Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>], no Taboleiro de Anuncios e nun anuncio dun xornal dos de maior tirada na comarca.

CUARTO. Dar conta á Xunta de Goberno Local do presente Decreto na seguinte sesión que se celebre con posterioridade.

Outes, na data que figura á marxe,

A Alcaldesa-Presidenta,

D^a María Beatriz Molinos Vidal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE